



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

MARÍA JOSÉ LÓPEZ MORGADE, SECRETARIA EN FUNCIONS DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de febreiro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día quince de febreiro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretaria, por vacacións do titular, a funcionaria María José López Morgade que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día dous de febreiro de dous mil once.

2º.- SOLICITUDES DE ACHEGAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades de financiamento dos servizos sociais do concello, proponho á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Solicitar da Deputación de Lugo unha achega para o mantemento dos centros e servizos de atención especializada por importe de catro mil novecentos corenta euros e sesenta e un céntimos (4.940,607€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola Deputación.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

3.- *Dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades de financiamento dos servizos sociais do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Solicitar da Deputación de Lugo unha achega para o fomento e continuidade do servizo de axuda no fogar por importe total de corenta e catro mil trescentos quince euros e cincuenta e sete céntimos (44.315,57€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola Deputación.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

3.- *Dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades de financiamento dos servizos sociais do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Solicitar da Deputación de Lugo unha achega para a promoción e mellora do uso do tempo libre na infancia por importe de mil seiscentos dezaioito euros e nove céntimos (1.618,09€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola Deputación.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

3.- *Dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo.

Vista a solicitude do interesado, o informe do arquitecto municipal e a autorización da Deputación, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. Marcos Pallares Rodríguez D.N.I. número 34.264.412-R para a construción dun alpendre de 50 m² no lugar de O Campo, parroquia de Fornelas (parcela 242 do polígono catastral 26).*

2.- *Na execución das obras darase cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico do concello.*

3.- *Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cento cincuenta euros e sesenta e catro céntimos (159,64€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo.

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D^a M^a Victoria Camino Casanova con D.N.I. número 34.173.864-L para realizar obras de reparación de cuberta no lugar de Casanova, parroquia de Abrence, palleira anexa á vivenda con referencia catastral 000801200PH3o0G0001UZ.*

2.- *Na execución das obras deberá dar estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico do concello.*

3.- *Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cento trinta euros e oitenta e cinco céntimos (130,85€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º. CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aproba-la certificación número tres da obra 55 do Plan Provincial de Obras e Servizos para 2010, "instalación dun decantador no depósito de augas da Pobra do Brollón" co detalle que se sinala:*

<i>Achegas</i>	<i>F. propios</i>	<i>M.A.P.</i>	<i>Total</i>
<i>Concello</i>	<i>2.264,15</i>		<i>2.264,15</i>
<i>Deputación</i>	<i>2.264,15</i>		<i>2.264,15</i>
<i>M.A.P.</i>		<i>4.528,31</i>	<i>4.528,31</i>
<i>Total</i>	<i>4.528,30</i>	<i>4.528,31</i>	<i>9.056,61</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a certificación número 1 da obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la certificación número tres da obra incluída no Fondo Estatal de Inversión Local de 2010, "mellora na rede de saneamento e infraestruturas de depuración de augas residuais urbanas" por un importe total de seis mil catrocentos setenta e dous euros e corenta e oito céntimos (6.472,48€) coa seguinte desagregación:*

<i>Importe neto</i>	<i>I.V.E.</i>	<i>Importe total</i>
<i>5.485,15€</i>	<i>987,33€</i>	<i>6.472,48€</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a factura que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la factura nº 117/2011 de Canteras Industriales del Bierzo S.A. de 90m³. de formigón para a pista de A Estación por importe total de cinco mil cincocentos trinta e tres euros con vinte céntimos (5.533,20€).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e tinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dezaioito de febreiro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,